

Disposicións Transitorias

Primeira

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que dote presupostariamente ó Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais con créditos adscritos á Consellería de Cultura e Deportes, todo iso sen prexuício dos restantes recursos económicos que a presente Lei lle recoñece á dita entidade.

Segunda

O Centro Dramático Galego e maila Xove Orquestra de Galicia adscribíranse, con efectos do exercicio presupostario de 1989, ó Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

Terceira

Ata que se aprobe por Decreto da Xunta de Galicia o cadro de persoal do Instituto constituído pola presente Lei, o Conselleiro de Cultura e Deportes poderá adscribir ó mesmo o persoal necesario para o desenvolvemento das súas funcións.

Cuarta

Logo da entrada en vigor desta Lei, o Consello da Xunta reestructurará a Dirección Xeral de Cultura, suprimindo ou refundindo as unidades afectadas polas competencias e funcións que asume o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

Disposición Derrogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó disposto na presente Lei.

Disposición Derradeira

O Consello da Xunta de Galicia e a Consellería de Cultura e Deportes, no ámbito das súas competencias, adoptarán cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da presente Lei.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 1989.

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente

Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A política de vivenda constitúe un dos principais elementos dunha política de benestar. A actuación dos poderes públicos nun Estado social e democrático de Dereito debe ir, pois, efectivamente, dirixida a facer realidade o dereito de tódolos cidadáns a unha vivenda digna e adecuada, cunha atención especial cara ós colectivos máis desfavorecidos, a través dunha política de vivenda que favoreza a integración social e a calidade de vida.

A erradicación do chabolismo, pola degradación que supón das condicións de vida dos cidadáns e por ser expresión de marxinalidade, revélase como unha prioridade evidente en materia de vivenda. É por iso polo que, a través da presente Lei, se determina un conxunto de medidas que posibilitarán, coa actuación decidida de tódolos axentes institucionais e sociais, a súa solución no máis breve prazo.

A Lei deseña un método de actuación que, partindo da elaboración de censos de chabolas en cada concello e coa colaboración entre as Administracións Públicas e a cooperación social, posibilita o acceso a unha vivenda digna dos chabolistas, propicie a súa integración social e recupere o entorno das áreas degradadas polo chabolismo.

Establécese deste xeito un conxunto variado de mecanismos, como o fomento da promoción da propia vivenda e axuda para a súa adquisición, a promoción pública de vivendas, a subvención temporal de alugueiros e un plan de integración social, que van permitir abordar con precisión e eficacia os problemas actualmente existentes, impedindo ó mesmo tempo a súa reprodución futura.

Avánzase así decisiivamente na construción da Autonomía de tal xeito que os galegos perciban o firme compromiso da Comunidade Autónoma coa xusticia e a promoción do benestar de tódolos cidadáns.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei Reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo no nome de El Rei, a Lei de Medidas para a Erradicación do Chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1.—Obxecto

A presente Lei ten por obxecto establecer un conxunto de medidas tendentes a erradicar o chabolismo, facilita-lo acceso á vivenda dos chabolistas e promover a integración social das familias afectadas.

Artigo 2.—Concepto

Para os efectos da presente Lei enténdese por chabola aqueles habitáculos que non reunindo as características e condicións de vivendas nin sendo susceptibles de se converteren en tales están a ser utilizados como morada humana.

Artigo 3.—Colaboración de Administracións.

1.—Os Concellos de Galicia, en colaboración coa Xunta, elaborarán un censo de chabolas con indicación da súa ubicación e da relación de familias ocupantes das mesmas.

2.—Para a eliminación das actuais chabolas realizaranse convenios entre a Xunta de Galicia e os Concellos afectados.

3.—As Deputacións Provinciais de Galicia cooperarán cos Concellos, prestándolle-la asistencia económica e técnica precisa para a erradicación do chabolismo.

Artigo 4.—Contido dos convenios

Os convenios que se asinen entre a Xunta de Galicia e os Concellos para o cumprimento dos obxectivos fixados nesta Lei contemplarán medidas concretas para o acceso á vivenda, a integración social dos chabolistas e o saneamento da área de actuación.

Artigo 5.—Acceso á vivenda

A Xunta de Galicia facilitará o acceso á vivenda dos chabolistas, de acordo coas seguintes prioridades:

- a) Fomento da promoción da propia vivenda e axudas para a súa adquisición.
- b) Promoción pública de vivendas.
- c) Subvención de alugueiros.

Artigo 6

As medidas contempladas nesta Lei refírense a familias con reducido nivel de ingresos e escasa capacidade económica, sendo causa de perda dos beneficios contemplados nesta Lei o falseamento dos datos que determinasen o seu outorgamento.

Artigo 7

As edificacións que se proxecten tanto a través das axudas á autoconstrución coma a través da promoción de vivendas destinadas á erradicación do chabolismo axustaranse ó planeamento e presentarán unhas características arquitectónicas, urbanísticas e tipolóxicas adaptadas de modo coherente á área de actuación.

Artigo 8

1.—A Xunta de Galicia desenvolverá un plan de axudas para lles facilita-la adquisición dunha vivenda nova ou usada ós chabolistas. Así mesmo subvencionarase a autoconstrución.

2.—As axudas ás que se fai referencia no parágrafo anterior poderán ser tanto de carácter técnico coma económico. En todo caso, estas últimas non serán inferiores ó dobre da subvención persoal facilitada no caso das vivendas de protección oficial en réxime xeral.

Artigo 9

1.—A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá promover plans de construción de vivendas para a erradicación do chabolismo, contemplando as medidas de integración social a que se refire o artigo 9 desta Lei.

2.—Para o desenvolvemento destes plans o Concello afectado ofertará os terreos precisos e axeitados. Os promotores poderán ser tanto a Comunidade Autónoma coma o Concello.

3.—Cando a Comunidade Autónoma leve a cabo directamente a construción de vivendas programadas para a erradicación do chabolismo cederanselle en propiedade ó Concello.

4.—As vivendas construídas serán adxudicadas polos respectivos Concellos ós seus destinatarios en réxime de arrendamento.

Artigo 10

Os Concellos afectados presentaranlle á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas unha proposta individualizada de realoxamento de familias chabolistas. A devandita Consellería, con base nesta proposta, poderá subvencionar-lo alugueiro dos seus aloxamentos durante un período que, agás casos excepcionais, non superará os 3 anos.

Artigo 11.—Medidas de integración social

A Consellería de Traballo e Benestar Social aprobará un plan de integración social que implique as Corporacións Locais —Concellos e Deputacións— e cantas entidades públicas ou privadas poidan favorecer-la plena integración e desenvolvemento do colectivo afectado.

Artigo 12.—Medios e recursos

1.—O desenvolvemento da presente Lei nutrirase cos seguintes fondos:

—Con cargo ás partidas que anualmente se habilitan nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

—Coas aportacións e partidas que para estes fins destinen os Concellos, ademais daquelas que como asistencia económica prevexan as Deputacións.

—Coas aportacións e axudas que coa mesma finalidade realicen outras entidades públicas ou privadas.

2.—Tamén se poderán aplicar ó cumprimento do disposto na presente Lei outros recursos que habiliten as Administracións Públicas e entidades privadas, tanto se estas son de carácter técnico coma social e económico.

Disposición Adicional

A Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias, aprobará mediante Decreto as directrices de coordinación respecto das actuacións das Deputacións Provinciais que incidan no exercicio e na execución da presente Lei.

Disposición Transitoria

A Xunta de Galicia dictará no prazo máximo de dous meses as disposicións axeitadas para o desenvolvemento da presente Lei.

Disposición Derradeira

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 1989.

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente